

PLAN DE LECTURA



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

ÍNDICE

1- Introducción - Xustificación

2- Análise do Contexto

2.1 Situación de partida en relación á lectura

2.2 Actividades de fomento da lectura

3- Obxectivos

4- Procedemento de Seguimento - Avaliación

1- INTRODUCCIÓN - XUSTIFICACIÓN

Segundo establecen os Decretos 155/2022 de ordenación do currículo da educación Primaria e 150/2022 de ordenación do currículo da educación Infantil, así como as ordes do 26 de maio de 2023 e a do 30 de maio de 2023 que os desenvolve, os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un Plan de Lectura que debe conter cando menos os seguintes apartados:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.
- b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á lectura e ao fomento desta.
- c) Obxectivos, dos que se especificarán indicadores.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Este Plan de Lectura concretarase anualmente na Programación Xeral Anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos no plan que se pretendan desenvolver no curso correspondente.

O plan de lectura na etapa de educación primaria ten por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. No caso de educación infantil trátase dunha primeira aproximación.

Somos conscientes de que o fomento do hábito e do gusto pola lectura impactan directamente de maneira positiva na mellora da comprensión lectora, na capacidade de expresarse, na xestión da información, do pensamento crítico e na aprendizaxe de novos coñecementos.

A lectura non debe impoñerse pero si facilitarse, e iso é tarefa de quen comparte a responsabilidade da formación e educación dos nenos e nenas.

A realización dun Plan de Lectura ven xustificado entre outros, polos seguintes motivos:

- A necesidade no noso alumnado de mellorar as estratexias lectoras, a comprensión, a expresión oral e escrita, o vocabulario...

- O beneficio de proporcionar ao alumnado actividades atractivas e motivadoras que induzan á lectura convertíndoa nun hábito placenteiro.
- A dotación de competencias básicas que permitan ao alumnado dar unha resposta ás necesidades do presente e aos retos do futuro. A lectura, xunto coa escritura, é unha ferramenta imprescindible en todos os ámbitos do ser humano: académico, laboral, persoal...
- A necesidade de atender a todas as particularidades do alumnado aportando actividades inclusivas de maneira que todos/as poidan participar delas.
- O contar cunha Biblioteca incluída no Plambe dende a primeira convocatoria e cun proxecto anual promovido dende mesma que hai que materializar no día a día.

Este Plan de lectura contribuirá a fomentar a competencia lectora e ao desenvolvemento de lectores autónomos, potenciando a aprendizaxe das habilidades necesarias para ler comprensivamente.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro atópase na vila de Sigüeiro, capital municipal e maior núcleo de poboación e actividade económica do Concello de Oroso, provincia de A Coruña. Por Sigüeiro pasa o río Tambre e tamén o camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, Camiño Inglés.

A vila de Sigüeiro conta cun centro cultural, unha biblioteca municipal e ademais existen varias asociacións deportivas, culturais, folclóricas, de veciños...

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro é un centro de liña 2, aínda que é frecuente que haxa 3 grupos nalgún dos niveis. O centro conta con un edificio para Educación Infantil e outro para Educación Primaria que é onde está situada a biblioteca.

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro iniciou a súa andaina no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares na súa primeira convocatoria, PLAMBE 1. A finalidade

que se perseguía era a de fomentar a competencia lectora e facer da biblioteca un lugar referente no centro, dende onde partían moitos dos proxectos. Ao longo de todos estes cursos fíxose un importante traballo de dinamización da lectura no colexio.

Actualmente continuamos no plambe e seguimos promovendo cada curso, dende a biblioteca un proxecto en torno ao cal se programan un montón de actividades para todo o alumnado de Infantil e Primaria.

A finalidade principal da biblioteca é que sexa un espazo central, arredor do que xire o funcionamento do centro, e aberto ao conxunto da comunidade educativa.

2.1 Situación de partida en relación á lectura

A lectura en Educación Infantil

- A lectura é realizada por parte das mestras de xeito global, en lingua galega e lingua castelá. O profesorado le en gran grupo, traballando diferentes aspectos (título, autor, formato) e coñecendo diferentes tipos de texto (literarios, informativos...)
- Emprégase maioritariamente o recurso impreso.
- Aplícanse estratexias de comprensión lectora antes, durante e despois da lectura:
 - Observación e comentario da portada e contraportada.
 - Propostas sobre o que vai tratar o texto, título, presentación de imaxes.
 - Xesticulacións e sonorizacións con instrumentos.
 - Formulación de preguntas e respostas.
- As aulas dispoñen de biblioteca de aula e o alumnado pode levar libros semanalmente para ler en familia.
- As familias colaboran aportando materiais impresos e dixitais para os proxectos que se desenvolven, e na realización das actividades propostas dende o centro en relación co fomento da lectura.

A lectura en Educación Primaria

- No primeiro ciclo de Educación Primaria a lectura por parte do docente vai cedendo terreo á lectura realizada polo alumnado. Esta lectura realízase en lingua galega e castelá de forma compartida, de xeito individual ou en grupo, en voz alta ou silenciosa, e con todo tipo de textos; narrativos, poéticos,...
- No segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria a lectura é realizada en maior medida polo alumnado, en lingua galega e castelá, de xeito individual ou en grupo, e empregando diferentes tipos de textos; narrativos, informativos, expositivos,...
- Empréganse recursos impresos e dixitais.
- Aplícanse estratexias de comprensión lectora antes, durante e despois da lectura:
 - Coñecer o significado das palabras.
 - Identificar a idea principal.
 - Elaborar opinións argumentadas.
 - Facer un resumo.
- As aulas dispoñen de biblioteca de aula.
- As familias colaboran participando na realización das actividades propostas dende o centro en relación co fomento da lectura.

2.2 Actividades de fomento da lectura

Dende o Equipo de Biblioteca promovemos cada curso unha serie de actividades para todo o alumnado:

Hora de ler

Dentro do horario lectivo contéplase a “hora de ler”. As titorías marcan no seu horario media hora de lectura diaria.

Sesións biblioteca

Cada aula ten asignada unha sesión semanal de uso exclusivo da biblioteca, para a realización de lecturas, préstamos, recompilar información...

Mochilas viaxeiras

Ten como obxectivo que o hábito lector chegue ao ambiente familiar.

O contido da mochila é variado (narrativa, poesía, cómic, libro CD, xogos de lóxica,...)

Bolsas que veñen e van

Dende o equipo de biblioteca solicítanse bolsas para o alumnado de infantil. Solicítanse en 3 anos para toda e etapa de infantil.

Lecturas compartidas

Nos recreos, realízanse as lecturas compartidas entre o alumnado de cursos superiores e os máis pequenos de primaria. Nestas lecturas participan maioritariamente o alumnado colaborador de biblioteca.

Patios literarios

Para conmemorar o día do libro dende o equipo de biblioteca distribúense diferentes caixóns con libros nos distintos patios, para realizar unha lectura neste tempo de lecer.

Lectura e familias

Dende a biblioteca promóvense diferentes actividades de lectura coas familias.

Apadriñamentos lectores

Nesta actividade o alumnado dos cursos superiores len un conto ao alumnado máis pequeno. Esta actividade ten moi boa acollida por parte do alumnado e profesorado.

Apadriñamentos de autores

Realízase un traballo bibliográfico dun autor recopilando libros, información... do mesmo.

Club de lectura

No recreo, algún día á semana, realízanse actividades relacionadas co club de lectura.

Visitas de autores e ilustradores

Promóvense visitas de autores e ilustradores.

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua, destacamos as seguintes actividades:

Concursos de contos

Promóvense diferentes concursos de contos nas diferentes conmemoracións.

Participación en concursos de microrrelatos

Promóvese a participación nos diferentes concursos organizados polo Concello.

Representacións teatrais

Realízanse diferentes representacións por parte do alumnado.

Concursos de postais

O alumnado realiza postais con lemas en galego.

Contacontos

Preséntanse diferentes contacontos para o alumnado.

Realización de murais colaborativos

Nestes murais participa todo o alumnado e pártese dunha temática; Rosalía...

Concurso Como se di?

Este concurso pretende fomentar o uso correcto da lingua galega por parte do alumnado.

Revista Hortocoliña

Dende o equipo realízase esta revista mensualmente coas aportacións das diferentes aulas.

Estas actividades prográmanse ao longo de todo o curso e concréntanse na PXA.

3. OBXECTIVOS

Educación Infantil

- Manipular e manexar fondos bibliográficos (contos, álbumes, libros de consulta).
- Identificar os personaxes.
- Formular preguntas sobre os contos.
- Dramatizar contos.
- Inventar diferentes finais para os contos.
- Recoñecer autores.
- Fomentar o gusto pola lectura.
- Participar nas actividades programadas relacionadas co fomento da lectura (contacontos...).
- Diferenciar os diferentes tipos de texto (narrativa, poesía, informativo...).

Educación Primaria

- Fomentar o hábito lector.
- Comprender diferentes textos.
- Crear e inventar contos.
- Dramatizar as lecturas.
- Identificar as partes dun libro; portada, contraportada, índice...
- Realizar resumos organizando as ideas principais.
- Producir textos coherentes e ben estruturados.

- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas, a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Participar nas actividades programadas relacionadas co fomento da lectura (contacontos...)
- Diferenciar os diferentes tipos de texto (narrativa, poesía, informativo...)

4. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO - AVALIACIÓN

A avaliación será continua e realizarase atendendo aos diferentes aspectos sinalados ao longo do Plan de Lectura.

Criterios:

- Adecuación das actividades programadas e levadas a cabo durante o curso.
- Resposta do alumnado e da comunidade educativa ás propostas do Plan de Lectura. Grao de colaboración nas mesmas.

Procedementos:

- Observación do grao de cumprimento dos obxectivos previstos.

Sigüeiro, 6 de outubro de 2023

EQUIPO DE BIBLIOTECA